



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SPI Galicia, FCC, SEAGA, XESGALICIA, Galicia Calidade, RETEGAL, CSAG e SOGAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

1. Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins entre os que se encontran, conforme indica a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP (DOG núm. 103 do 02.06.1987, BOE núm. 173 do 21.07.1987), a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da Administración Pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (SPI Galicia), Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCC), Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA), Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, SAU (XESGALICIA), Galicia Calidade SAU, Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA (RETEGAL), Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, SA (CSAG) e Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA) son entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251 do 31.12.2010).

2. Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e as entidades asinantes é o de colaborar e desenvolver de xeito conxunto actividades de carácter formativo, divulgador e investigador, en materias da competencia das institucións asinantes. Isto permitiralles actuar de forma máis eficaz e eficiente cos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para satisfacer os fins de ambas as dúas partes de maneira máis efectiva, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

3. Finalidade

A EGAP e os entes instrumentais SPI Galicia, FCC, SEAGA, XESGALICIA, Galicia Calidade, RETEGAL, CSAG e SOGAMA adquiren os compromisos previstos no convenio e en concreto nas súas cláusulas segunda a cuarta.

Rúa Madrid 2 – 4
15707 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 546 044/5 Fax: 981 546 337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





4. Impacto económico

A EGAP colaborará coa posta á disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e dos seus medios persoais e materiais.

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia durante os seus anos de vixencia.

O custo económico que poida derivar da xestión das accións formativas será asumido polas entidades promotoras.

5. Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

6. Vixencia

Para os efectos sinalados, formalízase coas entidades instrumentais SPI Galicia, FCC, SEAGA, XESGALICIA, Galicia Calidade, RETEGAL, CSAG e SOGAMA un convenio por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2028, podendo prorrogarse por ata 4 anos máis de mutuo acordo, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a EGAP e os entes instrumentais SPI Galicia, FCC, SEAGA, XESGALICIA, Galicia Calidade, RETEGAL, CSAG e SOGAMA para a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente ao marxe

A directora da EGAP

(P.D. resolución do 27/01/2023)

O xefe do Servizo Económico-Administrativo

Asdo. José Antonio González Failde

Rúa Madrid 2 – 4
15707 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 546 044/5 Fax: 981 546 337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>

